

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de maio de 2011 para produtos que conteñan triclopir como substancia activa única, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o triclopir unha substancia activa antiga, aplicaráselle o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

**4464** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 711/2006, do 9 de xuño, polo que se modifican determinados reais decretos relativos á inspección técnica de vehículos (ITV) e á homologación de vehículos, as súas partes e pezas, e se modifica, así mesmo, o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro. («BOE» 54, do 3-3-2007.)*

Advertidos erros no Real decreto 711/2006, do 9 de xuño, polo que se modifican determinados reais decretos relativos á inspección técnica de vehículos (ITV) e á homologación de vehículos, as súas partes e pezas, e se modifica, así mesmo, o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 9 en lingua galega, do 1 de xullo de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1400, primeira columna, no segundo parágrafo do punto un, onde di: «A. QUAD-ATV: Vehículo de catro ou máis», debe dicir: «A.QUAD-ATV: Vehículo especial de catro ou máis.»

Na páxina 1400, segunda columna, primeira liña do segundo parágrafo, onde di: «B.66 UAD-ATV: Vehículo de catro ou máis.», debe dicir: «B.66 QUAD-ATV: Vehículo especial de catro ou máis.»

## XEFATURA DO ESTADO

**4731** *CORRECCIÓN de erros da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio. («BOE» 57, do 7-3-2007.)*

Advertidos erros na publicación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 17 en lingua galega, do 1 de decembro de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

No índice, onde di: «Disposición adicional vixésimo egunda», debe dicir: «Disposición adicional vixésimo segunda»

No índice, entre a «Disposición adicional vixésimo cuarta» e a «Disposición transitoria primeira» debe dicir: «Disposición adicional vixésimo quinta. Gastos e investimentos para habituar os empregados na utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información.»

Na páxina 2280, primeira columna, artigo 25.3.2.º, sexto parágrafo, onde di: «20 por cento, cando o perceptor teña máis de 66 e 69 anos», debe dicir: «20 por cento, cando o perceptor teña entre 66 e 69 anos».

Na páxina 2288, segunda columna, artigo 49.2, cuarta liña, onde di: «. a que se refire o parágrafo anterior.», debe dicir: «. a que se refire o número anterior.»

Na páxina 2294, primeira columna, artigo 68.1.4.º, d), segunda liña, onde di: «. na alínea a) do número 1 anterior, será de 12.020 euros anuais», debe dicir: «. no número 1.º anterior, será de 12.020 euros anuais».

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**4732** *ORDE EHA/487/2007, do 28 de febreiro, pola que se aproba a apertura de códigos estatísticos na nomenclatura combinada por razón de interese nacional e se establece o procedemento para levala a cabo. («BOE» 57, do 7-3-2007.)*

O Regulamento (CEE) n.º 2658/87, do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común, estableceu unha única nomenclatura, denominada «Nomenclatura combinada», capaz de satisfacer asemade as exixencias arancelarias e estatísticas. Sobre a base da nomenclatura combinada, a Comisión estableceu un arancel integrado das comunidades europeas, en diante denominado «Taric».

O artigo 5 do citado regulamento establece que os Estados membros poderán inserir, a partir das subpartidas NC, subdivisións que respondan a necesidades estatísticas nacionais e, a partir das subpartidas Taric, subdivisións que respondan a outras necesidades nacionais.

A normativa comunitaria reguladora das estatísticas dos intercambios de bens da Comunidade e dos seus Estados membros con países terceiros e dos intercambios de bens entre Estados membros faculta a estes para a toma de información adicional a aquela requirida pola Comunidade co fin de dar resposta adecuada ás exixencias estatísticas nacionais distintas das propias comunitarias.

Neste sentido, o artigo 10.3 do Regulamento (CE) n.º 1172/95, do Consello, do 22 de maio de 1995, relativo ás estatísticas dos intercambios de bens da Comunidade e dos seus Estados membros con países terceiros, establece a posibilidade de que os Estados membros poidan establecer, para responder ás necesidades nacionais, que se mencionen no soporte da información estatística outros datos ademais dos recollidos no artigo 10.1, sempre que a subministración destes datos sexa compatible coas disposicións alfandegueiras relativas ao documento único administrativo.

Adicionalmente, o artigo 9.2 do Regulamento (CE) n.º 638/04, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre as estatísticas comunitarias de

intercambios de bens entre Estados membros e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 3330/91, do Consello, do 7 de novembro de 1991, establece que as autoridades nacionais, ademais da información a que se fai referencia no punto 1 do precitado artigo tamén poderán recoller información adicional como, por exemplo, a identificación das mercadorías nun nivel máis detallado que o da nomenclatura combinada.

Esta necesidade de control estatístico nacional nos intercambios de bens entre Estados membros da Unión Europea e para o comercio de bens con terceiros países afecta no Reino de España a determinadas mercadorías, esencialmente do sector agrícola e pesqueiro, polo que se fai imprescindible regular os procedementos necesarios a nivel nacional para a creación de códigos estatísticos adicionais.

A incorporación ao dereito español da nomenclatura establecida no Regulamento (CEE) n.º 2658/87, do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común, coas peculiaridades derivadas da Acta de adhesión, realízase polo Real decreto 1455/87, do 27 de novembro de 1987, polo que se aproba o arancel de alfándegas acomodado ao novo arancel de alfándegas comunitario, aprobado polo Regulamento n.º 2658/87, do 23 de xullo de 1987, que comprende as disposicións preliminares e a nomenclatura combinada española con indicación dos dereitos arancelarios. O artigo 5 do Real decreto 1455/1987, do 27 de novembro de 1987, dispón: «Facúltase o ministro de Economía e Facenda para ditar cantas disposicións resulten necesarias para o cumprimento do establecido neste real decreto e para a correcta interpretación e aplicación do arancel de alfándegas».

Dado que a apertura dos códigos estatísticos adicionais constitúe unha competencia de simple execución, é aconsellable atribuír o seu exercicio a un órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta norma desenvolve o procedemento para a creación de códigos estatísticos adicionais que deberán ser declarados tanto nas estatísticas de comercio extracomunitario como nas estatísticas de intercambio de bens entre Estados da Unión Europea para garantir a satisfacción das necesidades estatísticas nacionais.

2. Para efectos do disposto na presente norma, serán de aplicación as definicións recollidas na normativa comunitaria, Regulamento (CE) n.º 638/04, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre as estatísticas comunitarias de intercambios de bens entre Estados membros e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 3330/91, do Consello, do 7 de novembro de 1991, Regulamento (CE) n.º 1982/04, da Comisión, do 18 de novembro de 2004, polo que se aplica o Regulamento (CE) n.º 638/04, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre as estatísticas comunitarias de intercambios de bens entre Estados membros, e polo que se derrogan os regulamentos da Comisión (CE) n.º 1901/00, do 7 de setembro de 2000, e (CEE) n.º 3590/92, do 11 de decembro de 1992, e Regulamento (CE) n.º 1917/00, da Comisión, do 7 de setembro de 2000, que establece determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1172/95, do Consello, do 22 de maio de 1995, no que se refire ás estatísticas de comercio exterior.

#### Artigo 2. *Códigos adicionais.*

1. Apróbase a apertura, a partir das subpartidas da nomenclatura combinada, de subdivisións que respondan a necesidades estatísticas nacionais. A asignación efectiva

dos códigos correspondentes realizaráa o director do Departamento de Alfándegas da Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co que se establece nesta orde.

2. A subdivisión denominarase código adicional, constará de catro díxitos, que serán atribuídos polo órgano competente para a tramitación, e deberá ser obxecto de publicación mediante resolución do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais.

A incorporación do código adicional efectuarase engadíndoo ao código da nomenclatura combinada como díxitos alfanuméricos 9 a 12, no caso de declaración Intrastat; e como código adicional propio, nas declaracións alfandegueiras que se formalizan no Documento Único Administrativo (DUA).

3. Non procederá a apertura do código adicional cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a característica diferencial da mercadoría respecto das demais clasificadas na mesma partida da nomenclatura combinada sexa imposible de determinar no momento do despacho alfandegueiro ou da introdución ou expedición da mercadoría.

b) Que a cantidade e o valor das exportacións, importacións, expedicións e introducións sexa inferior ao 10 por 100 da cantidade e valor de operacións da totalidade de mercadorías clasificadas na mesma partida da nomenclatura combinada (CN8) ou do 2 por 100 do código do sistema harmonizado en que se clasifica (SA6), referido ao último ano natural do cal se dispoñan datos definitivos de estatísticas de comercio exterior.

Porén, o órgano competente poderá eximir o cumprimento desta condición cando existan razóns suficientes tales como protección do ambiente, defensa nacional, sanidade pública ou grave prexuízo para a economía nacional.

c) Que tecnicamente non sexa posible a inserción do código adicional.

#### Artigo 3. *Procedemento para a apertura de códigos estatísticos nacionais.*

1. O procedemento para a apertura de códigos estatísticos nacionais rexeráse pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O procedemento iniciarase de oficio ou por instancia do interesado.

3. O procedemento iniciarase de oficio por acordo do director do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde de superior. Así mesmo, poderase iniciar por petición razoada doutros órganos da Administración xeral do Estado con rango igual ou superior ao de director xeral ou órganos equivalentes das administracións das comunidades autónomas, así como dos órganos directivos dos organismos públicos dependentes delas.

4. O procedemento iniciarase por instancia do interesado mediante escrito presentado por:

a) O obrigado á subministración da información estatística.

b) As asociacións sectoriais ou organizacións empresariais ou profesionais, de ámbito nacional ou autonómico.

c) As federacións nacionais ou autonómicas de produtores ou de comercio.

5. As solicitudes de iniciación que se formulen deberán conter os seguintes extremos:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio do interesado. En caso de que se actúe por medio de

representante, deberase incluír a súa identificación completa.

b) Domicilio que o interesado sinala para efectos de notificacións.

c) Obxecto da solicitude, con indicación das partidas da nomenclatura combinada a que esta afecta.

d) Descrición completa da mercadoría a que afecta a solicitude, con detalle da súa composición, características e calidades.

e) Clasificación arancelaria da mercadoría a que afecta a solicitude tanto no ámbito da nomenclatura combinada como da súa clasificación TARIC.

f) Cantidade e valor coñecidos ou estimados, de ser o caso, do comercio con terceiros países e os Estados membros da Unión Europea, separados por fluxos de importación/introdución e exportación/expedición, en relación coa mercadoría para a cal se solicita o código adicional.

No caso de que a cantidade e o valor fosen estimados, será imprescindible indicar as razóns polas cales non se poden obter os datos reais, así como o procedemento seguido na estimación.

No caso de solicitudes correspondentes a unha pluralidade de persoas, deberanse indicar estes datos para cada un dos obrigados estatísticos.

g) Memoria que xustifique as razóns económicas, comerciais ou doutro tipo en que se funda a petición do código adicional. Nesta memoria deberase xustificar que estas razóns non poden ser atendidas coa nomenclatura combinada.

h) Descrición das características propias da mercadoría cuxa segregación se solicita en relación co resto das mercadorías que se clasifican no código da nomenclatura combinada sobre o cal se efectúa a segregación.

i) Lugar, data e sinatura da solicitude polo interesado.

Poderase solicitar que o control estatístico do produto cuxa segregación na nomenclatura combinada se pide, sexa extensivo a todos os operadores que realizan operacións de intercambios comunitarios, incluídos os obrigados dispensados por aplicación do limiar de exención que anualmente se aproba por orde do ministro de Economía e Facenda pola que se fixan limiares relativos ás estatísticas de intercambios de bens entre Estados membros da Unión Europea. Neste caso será necesario xustificar as razóns que recomentan esta recollida exhaustiva da información.

6. As solicitudes de iniciación, así como calquera outro documento achegado ao procedemento, deberán ir dirixidas ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria e a súa presentación poderase efectuar:

a) En soporte papel.

b) Por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos, de acordo co previsto no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na Administración xeral do Estado.

Estas solicitudes poderanse presentar nos rexistros e oficinas sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, con cumprimento, de ser o caso, do disposto no punto 2, última alínea, do citado artigo.

7. O órgano competente para a instrución do procedemento poderalles solicitar aos órganos da Administración nacional, autonómica ou local que puidesen ter competencias na materia ou responsabilidade no control dos produtos cuxa segregación se solicita, os informes que considere necesarios para efectuar a proposta de resolución. Os informes deberanse emitir no prazo dun mes desde a notificación da petición.

8. A competencia para ditar a resolución que poña fin ao procedemento corresponderalle ao director do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, que ditará resolución motivada na cal, se procede, se acordará a apertura do código adicional para uso estatístico nacional.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O disposto nesta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de febreiro de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

## MINISTERIO DO INTERIOR

**4734** *ORDE INT/489/2007, do 2 de marzo, pola que se determinan os municipios aos cales lles son de aplicación as medidas previstas no Real decreto lei 2/2007, do 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polas inundacións acaecidas os pasados días 26, 27 e 28 de xaneiro na illa de El Hierro. («BOE» 57, do 7-3-2007.)*

O Real decreto lei 2/2007, do 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polas inundacións acaecidas os pasados días 26, 27 e 28 de xaneiro na illa de El Hierro, establece, na súa disposición adicional segunda, que todas as medidas previstas nesta norma serán de aplicación ás inundacións producidas no mes de novembro de 2006 no municipio de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) e aos municipios do seu contorno que se determinen por orde do ministro do Interior.

Dada a existencia de disposicións concorrentes sobre un mesmo obxecto subvencionable, entre a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica, e co fin de coordinar adecuadamente as medidas emprendidas por ambas as administracións, sobre a base da información facilitada, en colaboración coa Xunta de Galicia, pola Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias elaborou unha listaxe definitiva dos termos municipais e núcleos de poboación do contorno xeográfico citado, susceptibles de se beneficiaren das medidas previstas no Real decreto lei 2/2007, do 2 de febreiro.

En virtude do exposto, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

As medidas urxentes aprobadas polo Real decreto lei 2/2007, do 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polas inundacións acaecidas os pasados días 26, 27 e 28 de xaneiro na illa de El Hierro, serán de aplicación aos termos municipais e núcleos de poboación recollidos no anexo desta orde.